

Documento distribuído por



Unha lectura comparada de

Adiós María

Helena González

Centre Dona i Literatura, Universitat de Barcelona

Data de publicación: 24-2-2010



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

UNHA LECTURA COMPARADA DE *ADIÓS MARÍA*

Helena González Fernández
Centre Dona i Literatura, Universitat de Barcelona

A única novela publicada por Xohana Torres, que gañou o Premio Galicia en 1970, o certame de narrativa mellor dotado naquela altura, foi obxecto de diversas análises pola súa innovadora concepción narrativa, o carácter realista, a súa adscripción ao *bildungsroman* feminino, o tratamento da linguaxe e a crítica aos roles de xénero (Bermúdez 2000 e 2002). As máis recentes revisións críticas de *Adiós María* non fixeron máis que confirmar a vitalidade dunha novela que non deixa indiferente e segue abrindo camiños de pescuda crítica. Velaquí tres rodeiras interpretativas que me interesan.

***Adiós María*, excepción ou mostra dun desexo de ficción?**

O proxecto literario de Xohana Torres na década de 1960 acompañou activamente os retos da cultura galega do seu tempo. Axiña se puxo en evidencia o seu desexo de escribir ficción, como se pode comprobar nos epistolarios de Ramón Piñeiro. Neles desvélanse informacións sobre a mediación e a recepción da obra editada e atópanse datos pouco coñecidos sobre a súa actividade como narradora. E aínda que non muda a súa consideración pública, como narradora dunha única novela, debuxa un perfil autorial nada ventureiro e entregado a unha intensa escrita, como tento demostrar nun artigo en preparación, “Xohana Torres, un intenso desexo de ficción”. Abrindo a década, dez anos antes de acadar o Premio Galicia con *Adiós María*, xa andaba a escribir unha novela. Trátase do relato breve, aínda inédito, *Antón dos Leis*, unha historia realista, cun fío de

misterio, sobre o arraigo na terra e a emigración. As primeiras páxinas do relato, ao xeito oteriano, amosan xa esa intensa relación linguaxe-paisaxe que logo ha desenvolver no seu estudo antropolóxico *Viaxe a Teixido* (1976). *Antón dos Leis* quedou como unha novela inacabada nun recanto do laboratorio creativo, mais non foi a única. En 1971 seica tiña outra novela escrita, *Os funcionarios*, tamén inédita.

A emigración, de Rosalía de Castro a Xohana Torres. Unha arquitectura da espera.

A emigración contada en feminino constitúe un dos relatos que vertebran onda nós o imaxinario da nación. Por esa razón cómpre facer unha lectura sucesiva e comparada de Rosalía de Castro e Xohana Torres en tanto que autoras senlleiras e innovadoras do relato da emigración galega explicado desde a voz e a experiencia femininas. Tanto en *As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos* como en *Adiós María* atopamos dúas arquitecturas da espera que deben ser lidas entre a metáfora da nación (perfectamente acaída ao relato da emigración como inxustiza, tal como o considerou o pensamento galeguista) e o retrato da subxectividade feminina emerxente, un retrato que amosa unha vontade ser suxeito, de romper co papel da muller domesticada e carente de desexo. Nun artigo en preparación, “La ausencia y la espera de la mujer sola como afirmación en Rosalía de Castro y Xohana Torres”, establezo os paralelismos e diferencias que se producen entre estas dúas figuracións, as viúvas e as maxas, facendo fincapé nese tránsito que vai do nós ao eu, da comunidade á subxectividade.

Maxa e esoutras mozas “raras” do *bildungsroman* feminino

Lemos *Adiós María* como exemplo singular de *bildungsroman* feminino, abre portas á lectura comparada e forma parte dos deberes pendentes. Deste xeito poderemos saber mellor ata que punto Maxa era realmente unha moza “singular” ou, como ela mesma

gustou definirse, “rara”. Tamén Andrea, a protagonista de *Nada* (1951) de Carmen Laforet, foi definida pola súa autora como unha “chica rara”, aínda que moito máis autoafirmativa cá magoada Maxa. Ribera Llopis e Mejía (2003) propuxeron xa unha lectura comparada de *Adiós María*, para contribuír ao desenvolvemento da literatura comparada no marco estatal. Elixiron un corte temático que favorecía as afinidades: a experiencia da preguerra, a guerra e mais a postguerra española lida en tres novelas de autoría feminina que permitirían “establecer una secuencia histórico-cronológica”. O corpus estaba formado por tres novelas *La plaza del Diamant* (1962) de Mercè Rodoreda, *Penal de Ocaña* (1964) de María Josefa Canellada e *Adiós María* (1971) e a análise centrouse na estrutura da novela, a descrición das tres personaxes principais (Natàlia-Colometa, Eloína e María-Maxa) e a enunciación en primeira persoa para dotar de voz ás protagonistas.

Hai diferencias importantes entre Maxa e esoutras heroínas que se atopa habitualmente no *bildungsroman* feminino. O seu estatus social/nacional lévana a sufrir as consecuencias da dobre emigración (o paso da familia do rural á cidade, e logo a marcha dos pais de Galicia a Francia). Situada nun territorio fronteirizo, o arrabalde, non chega a ter nin sequera á experiencia da muller urbana de clase baixa que representa Natàlia-Colometa, que transita pola Barcelona do tempo da guerra e así vai descubrindo os diferentes xeitos de vivir, no barrio alto e nos barrios populares, aínda que por boca de Maxa temos un fresco realista e fragmentario do mundo que a rodea. O fogar dos Briz nas casas acollidas, como a de Esperanza, a protagonista doutra novela a ter en conta, *The House on Mango Street* (1984) de Sandra Cisneros, funciona como metáfora da comunidade subalterna: desestruturada, marcada pola emigración, ubicada nun lugar de tránsitos e mesturas e nunha edificación con numerosos problemas que non cadra coa casa imaxinada, moderna e fermosa. A casa evidencia que o cambio non é para mellor,

aínda que en *Adiós María* hai unha certa conmiseración por parte do médico e mesmo da profesora, a señorita Márgara. Maxa describe o mundo que a rodea con precisión realista e, porén, cada vez o coñece menos. Coa marcha dos pais, deixa de asistir á escola, e só deixa a casa polas saídas obrigadas. Nin sequera a derradeira fiestra ao mundo, a televisión, consegue abrir horizontes, porque a familia non se poden permitir pagar unha segunda reparación. Incorpora (en sentido literal, in/corpora) a soidade e enferma. A idade da protagonista (e o breve tempo no que se desenvolve a novela), é outro elemento singular. Maxa é unha adolescente que xusto ao final da novela rompe a fabular co futuro como Cinsenta escritora, e no ronsel de Corín Tellado imaxina diversos finais para a súa vida, nos que ela sempre había resultar feliz. Xa que logo non se chega a desenvolver a conciencia sexual/sentimental que a leven a poñer en causa os roles de xénero no matrimonio. Maxa diferénciase doutras adolescentes porque o seu conflito radica na ausencia dos pais, sobre todo, da nai, e no feito de construír a súa identidade na conciencia da linguaxe. Como lle acontece á Joana de *Perto do coração selvagem* (1943), de Clarice Lispector, Maxa é un *corpo de linguaxe*.

Bibliografía citada

BERMÚDEZ, Teresa: “*Adiós María* como novela feminina galega”, en Isabel de Riquer, Elena Losada e Helena González (eds.), *Ensinar a pensar con liberdade e risco. Homenatge a Basilio Losada*, Barcelona, Universitat de Barcelona, 2000, p. 163-170.

BERMÚDEZ, Teresa: *Unha lectura de... Adiós María de Xohana Torres*, Vigo, Xerais, 2002.

RIBERA LLOPIS, Juan Miguel e Carmen MEJÍA RUÍZ: “Preguerra, guerra y posguerra españolas bajo la mirada femenina: M.^a J. Canellada, M. Rodoreda, X. Torres”, en José Carlos Rovira Soler (coord.), *Con Alonso Zamora Vicente. Actas del Congreso Internacional "La Lengua, la Academia, lo Popular, los Clásicos, los Contemporáneos"*, vol. 2, Alacant, Universitat d'Alacant, 2003, p. 959-966.